

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 6 DE AGOSTO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 6 de agosto de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 2 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Javier Albertos Benayas por delegación de D. Antonio Villanueva Guimeráns

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta do 30 de xullo de 2018**

Apróbase a acta da sesión do 30 de xullo de 2018 cos votos de D^a. María Jesús Lago Rey, D^a. Susana García Álvarez, D. José Riesgo Boluda, D^a. Beatriz Barbará Rodríguez e D^a. Olga Gómez Corbal.

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación a secretaria e a presidenta proceden á descriptación dos ficheiros correspondentes ao sobre A "*Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. ELEC NOR DEIMOS
 2. TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:32	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB46-C3D6B2-87D4AB-UEQX4S-Q458YU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- S.A.
- 3. SIVSA SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.A.U.
- 4. WELLNESS TELECOM
- 5. NEC IBÉRICA, S.L.U.
- 6. INDRA SISTEMAS, S.A.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113)

A secretaria e a presidenta proceden á descriptación dos ficheiros correspondentes ao sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”* dos licitadores presentados e admitidos. Ao producirse unha incidencia na plataforma de licitación electrónica, a Mesa acorda suspender esta apertura mentres a incidencia non sexa emendada pola empresa encargada da licitación electrónica.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais o 2 de agosto de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais o 2 de agosto de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:32	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB46-C3D6B2-87D4AB-UEQX4S-Q458YU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación total
ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	89,02 puntos
CREACIONES LUMINOSAS, S.L.	83,00 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembre que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP (“documentación expedida pola Delegación de Industria de estar en posesión do Certificado de Empresa Instaladora de equipos e instalacións eléctricas”).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

